

SAN FROILÁN

2014

SAN FROILÁN 2014

4 - 12 outubro

PROGRAMA OFICIAL

Festa de Interese

Turístico Galego

Fiesta de Interés

Turístico Nacional



ALCALDE DE LUGO

José López Orozco



Lugo vístese de festa cando as árbores da nosa Terra se visten de outono. Noutro tempo remataba o ano agrícola e toda a Galicia agraria ollaba para Lugo e as súas grandes feiras do San Froilán. No tempo noso, o comercio segue diferentes camiños, e no San Froilán de Lugo predomina a festa, pero sen esquecer a tradición feiral, que este ano rexorde con espírito novo. Porque a extraordinaria calidade dos produtos ecolóxicos e das denominacións de orixe de Galicia debe ter un grande escaparate nas nosas festas, e así será no futuro. En Galicia fanse hoxe algúns dos mellores viños do mundo, tanto brancos coma tintos; entre eles brillan con luz especial, cando levantamos a copa contra o sol, os diamantes e os rubís da Ribeira Sacra. En Galicia fanse algúns dos mellores queixos con que compangamos o noso viño e o noso magnífico e celmoso pan: San Simón, o Cebreiro, Friol, a Ulloa. En Galicia e en Lugo... Deixémolo estar, pois sería o conto de nunca acabar. E a festa non é só gastronomía.

As rúas énchense de troula e os nosos corazóns de gozo, porque ademais eses días véñennos ver os nosos parentes, veñen os nosos amigos e amigas de fóra, coñecidos ou non, pois en Lugo, e especialmente nestas datas, os que nos visitan son sempre nosos amigos. Porque Lugo é así, e as súas festas patronais mostran o mellor do que somos.

Que o tempo nos axude un pouco, de maneira que o excelente programa, coas súas importantes novidades, brille con toda a súa luz. E sobre todo, que vaia bo tempo nos nosos corazóns e que estas festas nos sirvan para collermos folgos cara ao longo inverno, para atesourar alegres lembranzas e para sermos felices.

CONCELLEIRA DE CULTURA

Carmen Basadre Vázquez



Algunhas persoas lembran aínda, e outras máis novas vírono nas vellas fotografías, o campo da feira do San Froilán cheo de postos nos que se vendían os máis diversos obxectos da artesanía tradicional. Era unha inmensidade de ferramentas das ferrarías de Santa Comba, de Taramundi, de Riotorto ou

da Pontenova: sachos, rodas, galletas, culmeiras e galletos, fouciños, fouciñas, gateñas, machados, navallas, tesoiras, coitelas e coitelos de diversos usos. Eran os estrobos de coiro ou de carballo, os xugos, os cestos e as cestas, os zocos e as zocas, as peneiras. Eran as olerías de Bonxe, de Buño

ou de Gundivós, as mantas zamoranas, os zapatos de Monforte. Eran en resumo os centos de ferramentas, utensilios e ataños diversos que viña mercar o campesiñado da contorna, e que por suposto, cando se trataba de enxoval caseiro ou persoal, mercaban tamén os lugueses e as luguesas, que no San Froilán tiñan a feira grande para todo o ano.

Os tempos cambiaron, pero a artesanía renóvase e renace. Por outra banda a produción ecolóxica e as denominacións de orixe, co seu coidado extraordinario na produción de alimentos e bebidas, precisan tamén de escaparates. É por iso que este ano ampliamos o feiral pola zona de Ramón Ferreiro para acoller GASTROARTE SAN FROILÁN, coa idea de reforzar o aspecto feiral das nosas festas cunha mostra de produtos da terra e do traballo manual das persoas, dentro da tradición pero cun espírito renovado como require o noso tempo.

Un pouco dentro desta filosofía, tamén será novidade este ano o primeiro concurso de

elaboración do polbo á feira, un dos sinais de identidade máis visibles das nosas festas patronais, que se celebrará no renovado mercado municipal.

E tal como se amplía o feiral, tamén contaremos cun novo escenario para as actividades puramente festivas, recuperando o espazo do patio do antigo seminario menor, onde actuarán principalmente os grupos locais.

Aínda que os orzamentos impoñen as súas estreitas leis nesta situación económica, a programación das festas segue sendo densa e de calidade, para a que este ano contaremos entre outras cousas coa mítica Orquesta Buena Vista Social Club.

E por suposto o San Froilán Miúdo, a animación das rúas con música e espectáculos, entre os que destaca o Festiclown 2014, as verbenas... E por riba de todo a alegría de lucenses e amigas e amigos de fóra, que convierten Lugo no San Froilán nunha cidade única cunhas festas únicas.

Que sexades felices.

PREVIO
SAN FROILÁN

MURALLA ROCK

FESTIVAL
3 de OUTUBRO

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO / APERTURA PORTAS 19.00 H.

LOS SUAVES
ROSENDO
COSTAS
TREGUA

Alechte.com 10€ PRIMERAS 1.000 ENTRADAS
12€ ANTICIPADA - 15€ TAQUILLA

Venda de entradas: www.servinova.com e 902 504 500



NOCHE
ABIERTA /
NOITE
ABERTA /
OPEN
NIGHT

3 DE OUTUBRO
DE 2014



Desde as 17.00 ás 23.00 h. os establecementos que participan no evento vestiranse de gala para recibirmos con grandes descontos e sorpresas. Tamén haberá animación polas rúas comerciais máis emblemáticas da cidade.

NA PRAZA MAIOR:

**ANIMACIÓN DA PRAZA CON
MÚSICA E ARTISTAS DE RÚA**

a partir das 17.00 h.

GRAN DESFILE DE MODA

presentado pola cantante
LUCÍA PÉREZ, ás 18.00 h.

**ESPECTACULAR
FIN DE FESTA**

co peche dos comercios
ás 23.00 h.

aaam
asociación de artistas
lugoc

04
SÁBADO

San
Froilán
2014

10.30 h.

O boneco e o mago
repartindo programas de
festas na rúa da Raiña.

11.00 h.

**VI Desfile de Gando San
Froilán.** Percorrido: tramo
peonil da ronda da Muralla,
praza da Constitución, Campo
Castelo, praza Maior e Bispo
Aguirre. Grupo acompañante:
Sarabela folk.

12.00 h.

Emisión en directo do programa
Coñecer Galicia (Radio Galega),
na praza Maior.

12.30 h.

Pregón a cargo de **Pedro
Revaldería**, periodista e
produtor, na casa do Concello.

12.30 h.

Os Pelúdez entre nós no pregón.

13.00 h.

Actuación de **Airiños do Neira**
no Campo Castelo.

13.15 h.

Concerto de **Batital**
na praza de Santa María.

13.30 h.

Pasarrúas dos **Trastiños de
Castelo** por Recatelo e a zona
dos viños.

14.00 h.

Pasarrúas da charanga **Amigos
de Manolo** pola zona dos viños.

16.00 h.

A Cocíñiña Saborosa, da Cía.
Les Festijeux, no patio do
Seminario. Ata as 20.00 h.

16.30 h.

Concerto da **Banda Filarmónica
de Lugo** na praza Maior.

17.00 h.

Festiclown 2014: **Código Morsa**
no Campo Castelo.

17.30 h.

Aula aberta e exhibición de
danza e ximnasia urbana
no barrio da Ponte.



BATITAL

13.15 h.
Praza de Santa María

**VI DESFILE
DE GANDO**

11.00 h.
Praza Maior

**AIRIÑOS
DE ORBAZAI**

18.30 h.
Praza de Santa María

04 SÁBADO | San Froilán 2014

18.00 h.

Concerto da **Escola Fábrica de Sons** na praza da Soidade.

18.30 h.

Concerto de **Airiños de Orbazai** na praza de Santa María.

19.00 h.

Festiclown 2014: **Código Morsa** no Campo Castelo.

19.30 h.

Pasarrúas da charanga **Excusa** por Recatelo e a zona dos viños.

20.00 h.

Pasarrúas dos **Xilgaros de Lugo** pola praza Comandante Manso e o Campo Castelo.

20.30 h.

Gran verbena coas orquestras **Galilea** e **Salsa Rosa** na praza Maior.

21.00 h.

Pasarrúas de **Andaina** pola zona dos viños.

21.30 h.

Concerto de **Les Tambours du Bronx** na praza Horta do Seminario.

22.30 h.

Pasarrúas da **Charanga Támea** pola zona dos viños.

23.00 h.

Pasarrúas da **Fanfarria Taquikardia** polo Campo Castelo.

23.00 h.

Concerto de **Sés** no patio do Seminario.

23.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta** na praza da Soidade.

00.00 h.

Concerto de **Carta de Ajuste** no Campo Castelo.

01.00 h.

Pasarrúas da **Fanfarria Taquikardia** pola zona dos viños.



05
DOMINGO

San
Froilán
2014

Día de
San Froilán

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raiña. Ata as 20.00 h.

11.30 h.

A Cociña Saborosa, da Cía. *Les Festjeux*, no patio do Seminario. Ata as 14.00 h.

12.00 h.

Ofrenda da Corporación a San Froilán na Catedral de Lugo.

13.00 h.

Actuación de **Airiños de Orbazai** na Feira de Artesanía e Gastronomía.

13.15 h.

Concerto de **Odaiko Percusión Group**, coa **Banda Municipal de Lugo**, na praza de Santa María.

13.30 h.

Os Pelúdez entre nós pola praza Maior e o recinto feiral.

14.00 h.

Actuación de **Airiños da Freba** na praza do Campo.

16.30 h.

A Cociña Saborosa, da Cía. *Les Festjeux*, no patio do Seminario. Ata as 20.00 h.

17.00 h.

Actuación do **Mago Rafa** na porta de Santiago.

17.30 h.

Actuación de **Volta do Agro** na praza Maior.

18.00 h.

Karaoke infantil coa **Duendeneta** na praza da Soidade.

19.00 h.

Festiclown 2014: Actuación de **Circo Chosco** no Campo Castelo.

19.30 h.

Actuación de **Arrincadeira**, con cabezudos, na praza Maior.

20.00 h.

Pasarrúas da charanga **Madia Leva** por Recatelo e a zona dos viños.

20.45 h.

Fogos artificiais coa **Pirotecnia Ricardo Resúa** no paseo do Miño, a carón da ponte Vella.

21.00 h.

Concerto de **Kase.O & Jazz Magnetism** na praza Horta do Seminario.



& KASE.O
JAZZ MAGNETISM
21.00 h. // Horta do Seminario

GATS
& MONKEYS
23.15 h. // Patio do Seminario

05 DOMINGO | San Froilán 2014

Día de
San Froilán

21.00 h.

Pasarrúas de **Reviravolta** pola praza Maior e a zona dos viños.

21.30 h.

Concerto de **Lucía Pérez** na praza de Santa María.

22.00 h.

Pasarrúas da charanga **DGT** polo Campo Castelo.

22.30 h.

Pasarrúas da charanga **Malo Será** pola zona dos viños.

23.00 h.

Verbena coa orquestra **Paris de Noia** na praza Maior.

23.15 h.

Concerto de **Cats & Monkeys** no patio do Seminario.

23.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta** na praza da Soidade.

00.00 h.

Pasarrúas da charanga **DGT** pola zona dos viños.

A COCIÑIÑA SABOROSA

Todo o día
Patio do Seminario



LUCÍA
PÉREZ

21.30 h. // Praza de Santa María

PARÍS
DE NOIA

23.00 h. // Praza Maior

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raiña. Ata as 20.00 h.

11.30 h.

Festiclown 2014: **La caravana de la Señorita Lupierre**, de *Miguelillo*, na praza da Soidade. Ata as 14.30 h.

12.30 h.

Música clásica para nenas e nenos, coa **Orquestra dos Sete Mares**, na praza de Santa María.

13.00 h.

Exhibición de baile da academia **Ritmo Lugo** no patio do Seminario. Participarán os subcampións de Europa, Jandro e Magalí.

13.15 h.

Pasarrúas de **Folquiada** pola porta de San Pedro, praza do Cantiño, Campo Castelo e a praza da Constitución.

13.30 h.

Festiclown 2014: **Cé Orquestra Pantasma**, na praza do Campo.

14.00 h.

Pasarrúas de **Eudemónicas** pola zona dos viños.

16.30 h.

Festiclown 2014: **La caravana de la Señorita Lupierre**, de *Miguelillo*, na praza de Soidade. Ata as 19.30 h.

17.00 h.

Festiclown 2014: **Cé Orquestra Pantasma**, no quiosco da praza Maior.

18.00 h.

Concerto para nenas e nenos de **Alondra Bentley** no patio do Seminario.

19.00 h.

Pasarrúas da banda de gaitas **Devandoira** pola rúa da Raiña e a praza Maior.

19.30 h.

Festiclown 2014: **Cé Orquestra Pantasma** no Campo Castelo.

20.00 h.

Concerto de **Ara Malikian** na praza de Santa María.

22.00 h.

Sesión de **vídeo mapping** na fachada da casa do Concello.

22.30 h.

Concerto de **Foolmakers** no patio do Seminario.

22.30 h.

Verbena coa orquestra **Charleston Big Band** na praza Maior.

ALONDRA BENTLEY
18.00 h. // Patio do Seminario

ARA MALIKIAN
20.00 h. // Praza de Santa María

FOOLMAKERS
22.30 h.
Patio do Seminario

07
MARTES

San
Froilán
2014

Día dos
Maiores

12.00 h.

**Entrega de premios do
Concurso de tapas** no Salón de
Plenos do Concello de Lugo.

13.00 h.

Concerto da **Banda Municipal de
Lugo** (repertorio de zarzuela)
no quiosco da praza Maior.

17.30 h.

Aula aberta e exhibición de
danza e ximnasia urbana
no Sagrado Corazón.

17.45 h.

Festiclown 2014: **Dous son
Compañía**, na praza Maior.

18.00 h.

Barriga Verde, de *Viravolta
Titeres*, no patio do Seminario.

18.00 h.

Verbena coa orquestra **Venezia**
na praza Maior.

18.30 h.

Os Pelúdez entre nós na
verbena da praza Maior.

19.00 h.

Festiclown 2014: **Miguelillo**
no Campo Castelo.

20.30 h.

Pasarrúas dos **Xilgaros de Lugo**
pola zona dos viños.

21.00 h.

Actuación de **Eudemónicas**
no Campo Castelo.

21.30 h.

Concerto da **Gallaecia Big Band**
na praza de Santa María.

22.00 h.

Concerto de **Guerrera**
no patio do Seminario.

22.30 h.

Foliada do Colectivo A.L.A.S.
na praza da Soidade.

**BARRIGA
VERDE**

18.00 h.
Patio do Seminario



**GALLAECIA
BIG BAND**

21.30 h. // Praza de Santa María

GUERRERA

22.00 h. // Patio do Seminario

08
MÉRCORES

San
Froilán
2014

13.00 h.

Festiclown 2014: **Peter Punk** na praza Maior.

17.30 h.

Aula aberta e exhibición de **danza e ximnasia urbana** na praza Horta do Seminario.

18.00 h.

Actuación de **Uxía Lambona e a Banda Molona** na praza da Soidade.

18.00 h.

Letra das Festas (2014): O San Froilán de hai 50 anos. Revista oral no Círculo das Artes na que interveñen persoas que rememoran as festas do San Froilán dos anos 50 e 60 do pasado século, organizada pola **Sección de Literatura de tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.**

18.30 h.

Actuación de **Gemola, a contadora de contos que máis mola,** na praza do Castiñeiro.

19.00 h.

Festiclown 2014: **Peter Punk** no Campo Castelo.

20.00 h.

Concertos de **Mythical Fail, Galiryon e Aro,** da *Asociación Lugo Rock,* no patio do Seminario.

20.00 h.

Presentación do nº11 da Colección San Froilán dos Devanceiros: *A orixe das feiras, das exposicións e dos concursos,* por Adolfo Abel Vilela, no Salón de Sesións do Concello.

20.30 h.

Pasarrúas dos **Cantareiros das Regas** por Recatelo e a zona dos viños.

20.30 h.

Gala do Deporte Lucense no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

21.00 h.

Concerto de **Marful** na praza de Santa María.

22.30 h.

Actuación de **Airiños da Freba** na praza do Campo.

22.30 h.

Noite latina con **El Combo Dominicano** na praza Maior.

23.00 h.

Concerto de **Carta de Ajuste** na praza da Soidade.



09
XOVES

San
Froilán
2014

13.00 h.

Acrobacias aéreas coa **Troupe Sky** na praza Maior.

17.00 h.

Inicio do **IX SANFROIDANCE** na praza de Santa María.

Mr. Paradaise (17.00 h.), **Alex Nite** (17.45 h.), **Beroots** (18.45 h.), **Truequedart** (20.00 h.), **Eme Dj** (21.15 h.), **Drumlazers** (22.45 h.), **Dirty Honkers** (23.45 h.), **Dj2d2** (01.15 h.). www.sanfroidance.com

17.00 h.

Maxia Verde, polo **Mago Teto**, no Mercado Municipal.

18.00 h.

Acrobacias aéreas coa **Troupe Sky** na praza Maior.

18.30 h.

Actuación das **Bruxiñas**, de Enigma na praza da Milagrosa.

19.00 h.

Showcooking e degustación de receitas de polbo no Mercado Municipal. Coa colaboración de Héctor (Restaurante España) e Álvaro (Restaurante Paprica).

19.30 h.

Festiclown 2014: **Roi Sixto**, no Campo Castelo.

20.00 h.

I Concurso de polbeiras e polbeiros San Froilán no Mercado Municipal.

20.30 h.

Pasarrúas de **Reviravolta** pola zona dos viños.

21.00 h.

Concerto de **En Clave de Fado** no patio do Seminario.

21.30 h.

Monólogos 10, con **Miguel Lago**, **Oswaldo Digón** e **Álvaro Carrero**, no Auditorio Municipal Gustavo Freire. Venda de entradas: www.traslarisa.es

22.15 h.

Festiclown 2014: **Dous son Compañía**, na zona dos viños.

22.30 h.

Pasarrúas da **Magnifique Bande dos Homes sen Medo** pola zona dos viños.

23.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta** na praza da Soidade.

00.30 h.

Pasarrúas da **Magnifique Bande dos Homes sen Medo** pola zona dos viños.



**EN CLAVE
DE FADO**

21.00 h. // Patio do Seminario

**DIRTY
HONKERS
SANFROIDANCE**

23.45 h. // Praza de Santa María

10
VENRES

San
Froilán
2014

13.00 h.

Festiclown 2014: **Djuggleddy**
na praza Maior.

17.30 h.

Festa Xogueiteira, da Asoc.
Socio-Educativa Antonio
Gandoy, no patio do Seminario.

17.30 h.

Concerto da **Banda Municipal**
Xuvenil de Rábade e Begonte
na praza Maior

18.00 h.

Karaoke Infantil coa
Duendeneta no Campo Castelo.

18.30 h.

Exhibición de baile da
academia **Star Dance**
na praza da Soidade.

19.00 h.

Festiclown 2014: **Djuggleddy**
na praza Maior.

20.00 h.

Concertos de **Last Way**,
Arrhythmia, **Rockatansky**
Brothers, **Oceans Garden**,
Barbarian Prophecies e **Kalte**
Sonne, da *Asociación Lugo*
Rock, na praza de Santa María.

RECINTO
FEIRAL

Do 3 ao 12 de outubro



LUGO ROCK

20.00 h. // Praza Santa María

ANIMACIÓN
DE RÚA

Durante todas as festas
polo recinto histórico



10 VENRES | San Froilán 2014

20.30 h.

Pasarrúas da **Charanga Mekánica** pola praza Maior e a zona dos viños.

21.00 h.

Pasarrúas de **Caivanca** por Lopo Lías, Montero Ríos, praza Comandante Manso e o Campo Castelo.

21.30 h.

Concerto da **Orquesta Buena Vista Social Club** na praza Horta do Seminario.

22.30 h.

Sesión disco coa **Duendeneta** no Campo Castelo.

23.00 h.

Verbena coa **Orquesta Marbella** na praza Maior.

23.30 h.

Concerto de **The pie Lands** no patio do Seminario.

00.00 h.

Pasarrúas da **Charanga Mekánica** pola zona dos viños.

01.00 h.

Pasarrúas dos **Festicultores** pola zona dos viños.

**THE PIE
LANDS**

23.30 h.
Patio do Seminario



ORQUESTA BUENA VISTA SOCIAL CLUB® "ADIÓS TOUR" ★ ★ ★ ★

**ORQUESTA
BUENA VISTA
SOCIAL CLUB**

21.30 h.
Horta do Seminario



11 SÁBADO

San
Froilán
2014

Día do
Ferrol

11.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro. Ata as 13.30 h.

12.00 h.

Concerto de **Petit Pop** no patio do Seminario.

12.30 h.

Recepción oficial á **Corporación do Concello de Ferrol** na casa do Concello.

12.30 h.

Concerto de **Devandoira Banda de Gaitas** na praza de Santa María.

13.30 h.

Sesión vermú dos **Festicultores** na praza do Campo.

16.30 h.

Xogos populares en familia, de *Enigma Eventos*, no patio do Seminario.

17.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro. Ata as 21.00 h.

18.00 h.

XII Festival de Cultura Tradicional, organizado pola *Asoc. Cultural Cantigas e Frores*, na praza de Santa María.

19.00 h.

Festiclown 2014: **Mundo Mandarina** no Campo Castelo.

19.30 h.

Pasarrúas da charanga **Arde Yu-Ku** por Recatelo, a Tinería e a zona de viños.

20.00 h.

Verbena coa orquestra **Gran Parada** na praza Maior

20.15 h.

Os Pelúdez entre nós na verbena da praza Maior.

20.30 h.

En colaboración coa Cadena COPE Lugo, concerto de **Efecto Pasillo** na praza Horta do Seminario. *Ao rematar o concerto: sesión de **Dj Frisco & Marcos Peón**.



**PETIT
POP**

12.00 h. // Patio do Seminario

**EFFECTO
PASILLO**

20.30 h. // Horta do Seminario



11 SÁBADO | San Froilán 2014

Día do
Ferrol

21.00 h.

Pasarrúas da charanga
Malo Será por San Roque
e a praza do Rei.

21.30 h.

Pasarrúas de **Pelexo de
Ghaita** pola zona dos viños.

22.30 h.

Pasarrúas do **Bloquinho de
Xermolos** pola zona dos viños.

23.00 h.

Verbena coa orquestra
Panorama na praza
de Augas Férreas.

23.30 h.

Sesión disco coa
Duendeneta na praza
da Soidade.

00.00 h.

Concerto da **Funky Style Brass
Band** na praza de Santa María.

CASSETAS DO POLBO

Do 26 de setembro
ao 2 de novembro
Parque Rosalía de Castro



ORQUESTRA PANORAMA

23.00 h. // Augas Férreas

FUNKY STYLE BRASS BAND

00.00 h. // Praza Santa María



12 DOMINGO

San
Froilán
2014

Domingo
das Mozas
Día do Traxe
Tradicional Galego

11.00 h.

XVI Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas, coa *Asociación de Gaiteiros Galegos*, polo recinto histórico.

11.00 h.

Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Ata as 20.00 h.

11.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro. Ata as 13.30 h.

11.00 h.

Inauguración da **Feira Medieval** na praza Pío XII e arredores. Ata as 22.00 h.

12.00 h.

Actuación do trovador **Crispin d'Olot** na Feira Medieval.

12.00 h.

Recepción na casa do Concello á **Asociación do Traxe Galego**, de Santiago. Paseo e exhibición ata o parque Rosalía de Castro.

12.30 h.

Ofrenda floral a Rosalía de Castro por parte de **Luz Darriba**, artista multidisciplinar, e coa participación especial de **Susana Seivane**.

12.30 h.

Misa en latín, con ornamentación da época e cantada polo **Orfeón Lucense**, na igrexa de San Francisco (parroquia de San Pedro).

12.30 h.

Concerto da **Banda Municipal de Lugo** no quiosco da praza Maior.

13.00 h.

Percorrido histórico dunha **comitiva da Feira Medieval polo Camiño Primitivo** ao seu paso por Lugo (Campo Castelo, fondo praza Maior, praza do Campo, Catedral).

13.00 h.

Espectáculo de pompas de xabón, coas **Bubble Sisters**, no patio do Seminario.



**DÍA
DO TRAXE
TRADICIONAL
GALEGO**

12.00 h. // Casa do Concello

**FEIRA
MEDIEVAL**

Todo o día
Praza Pío XII

12 DOMINGO | San Froilán 2014

Domingo
das Mozas
Día do Traxe
Tradicional Galego

13.30 h.

Os Cegos no Camiño Primitivo
(actuación de romancesiros na rúa). Romancesiros: **Grupo Tundal, Carlos do Viso, Grupo Tradescola, Maese Seis Dedos, Mini e Mero.**

13.45 h.

Sesión vermú da orquestra **Pontevedra** na praza Maior.

16.30 h.

Xogos tradicionais, de *Xotramu*, no patio do Seminario.

17.00 h.

O San Froilán Tecedeiro, actividade aberta de cestería a cargo da asociación **Corazóns Artesáns** no parque Rosalía de Castro. Ata as 21.00 h.

17.30 h.

XVI Mostra de Música Tradicional do Domingo das Mozas, coa *Asociación de Gaiteiros Galegos*, polo recinto histórico.

18.00 h.

Concerto de música medieval de **Alexandre Savchuka** (viola) e **Natalia Bilenko** (violín) na capela de San Froilán, na Catedral.

18.00 h.

Actuación do trovador **Crispin d'Olot** na Feira Medieval.

18.30 h.

Concerto de **Ioana Pérez** na praza da Milagrosa.

19.00 h.

Os Cegos no Camiño Primitivo.

19.30 h.

Pasarrúas da **Escola Perkusiona & Batería do Cariño** pola praza Comandante Manso, porta de San Pedro, Campo Castelo, praza Maior e a zona dos viños.

20.45 h.

Fogos artificiais coa **Pirotecnia Astariz** no paseo do Miño, a carón da ponte Vella.

21.00 h.

Concerto de **Susana Seivane** na praza Horta do Seminario.

21.00 h.

Gran verbena coas orquestras **Pontevedra** e **Palladium** na praza Maior.

22.30 h.

Concerto da **Murajazz Big Band** no patio do Seminario.



SUSANA SEIVANE

21.00 h. // Horta do Seminario

MURAJAZZ BIG BAND

22.30 h. // Patio do Seminario

SAN FROILÁN DOS DEVANCEIROS

NOVO LIBRO DA COLECCIÓN

A ORIXE DAS FEIRAS, DAS EXPOSICIÓNS E DOS CONCURSOS por Adolfo de Abel Vilela

Este novo libro da colección San Froilán dos Devanceiros fai un amplo percorrido por unha parcela tan importante na historia de Lugo como son as súas feiras, xa desde a época medieval e moderna, cunha especial demora no século XIX, con todos os seus altos e baixos, as súas polémicas, acordos e desacordos especialmente en canto ás datas e ós lugares da celebración.

Un capítulo especial é dedicado ás exposicións e concursos gandeiros e agrícolas do último terzo do século XIX, importantes no proceso de desenvolvemento do agro galego, unha das preocupacións esenciais dos nosos devanceiros, que intentaron por todos os medios que a agricultura e a gandería tradicional se modernizasen de acordo coas novas técnicas, aplicando os avances científicos á produción.

E finalmente, dentro xa dun eido máis lúdico, trátase dos festexos, certames musicais, literarios e xogos florais desa mesma época, que se caracteriza por un especial efervescencia e ansia das "clases ilustradas" por poñer a nosa cidade dentro da modernidade en todos os ámbitos.

Carmen Basadre Vázquez

Presentación:

Mércores **8** de **outubro** ás **20:00** no **Salón de Plenos da Casa do Concello**.

Outros títulos da colección:

1. *Emilia Pardo Bazán en Lugo (San Froilán, 1906)*, por Javier Serrano Alonso
2. *A chegada a Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*, por Darío Xohán Cabana
3. *O cinematógrafo nas festas de San Froilán de Lugo (1898-1930)*, por Fernando Arribas Arias
4. *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, por Darío Xohán Cabana



5. *Pelúdez. O libro (1908-2008). Cen anos de sanfroiláns contados por el mesmo*, por Antonio de Cora, Juan Ramón Somoza, Purificación de Cora, Xosé Trapero Pardo e Xosé de Cora
6. *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)*, por J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez
7. *Lucus fulget. As festas literarias nos sanfroiláns*

- finiseculares (1899-1901), por Javier Serrano Alonso
8. *A publicidade das festas de San Froilán de Lugo: carteis e programas 1877-2011*, por Teresa Pena Moreda e Fernando Arribas Arias
9. *Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán*, por J. Luís Calvo
10. *Libro de pregóns das festas do San Froilán de Lugo 1977-2012*

DEPORTES

27 SETEMBRO

09.00 h.

**XV marcha cicloturista
San Froilán**

10.00 h.

**V Torneo tenis de mesa
Lugauto San Froilán Cidade
de Lugo de tenis de mesa**
Pista de tenis cuberta de Frigsa

12.00 h.

Descenso do Miño
(piragüismo veteranos)
Saída desde Ombreiro

16.00 h.

**XV Criterium ciclista
San Froilán**
Avenida de Ramón Ferreiro

16.30 h.

**VIII Trofeo San Froilán
de tiro con arco en sala**
Polideportivo Piringalla

3 OUTUBRO

21.00 h.

**I Trofeo San Froilán fútbol
indoor Veteranos C.D. Lugo
Vs. Veteranos racing villalbés**
Campo de fútbol Indoor
A Campiña

22.00 h.

Velada boxeo San Froilán
Polideportivo A Piringalla

4 OUTUBRO

10.00 h.

XVIII Torneo San Froilán de golf
Campo de golf

VI Torneo San Froilán de squash
Pazo Provincial dos Deportes

16.30 h.

**VII Torneo San Froilán
de balonmán**
Acaluba Frisagues - Balonman
Viveiro (Sen Masc) - Acaluba
Frisagues - Rasoeiro (Sen Fem)

17.00 h.

**XIII Trofeo de rugby San Froilán
Concello de Lugo**
Pistas atletismo Gregorio
Pérez Rivera

8 OUTUBRO

20.30 h.

**IX Entrega Premios
Deporte Lucense**
Auditorio Municipal Gustavo Freire

10 OUTUBRO

21.00 h.

**IV Copa San Froilán
de fútbol -7 +35 anos**
Campo Municipal da Cheda

11 OUTUBRO

09.00 h.

**XVI Torneo Hockei
cidade de Lugo San Froilán**
Polideportivo A Piringalla

17.00 h.

**XII Open San Froilán
Billar Pool Bola 8**
Pool Bar Tiempos Modernos

18.00 h.

**Azkar Lugo F.S.
Vs. Santiago Futsal**
Pavillón Municipal

20.00 h.

**Superliga femenina Emevé
Vs. Extremadura Arroyo**
Pavillón Municipal

12 OUTUBRO

09.00 h.

**VII Torneo San Froilán
ranking galego de espada**
Polideportivo Casa do Deporte

**XVI Torneo Hockei cidade
de Lugo San Froilán**
Polideportivo A Piringalla

10.00 h.

**X Trofeo San Froilán
de pesca de Auga Doce**
Club Fluvial de Lugo

10.00 h.

**XXI Trofeo San Froilán
pistola 9 mm.**
Galería Tiro Rozas

17.00 h.

**XII Open San Froilán
Billar Pool Bola 8**
Pool Bar Tiempos Modernos

18 OUTUBRO

09.00 h.

V Minitrail Club Fluvial
Monte Penarrubia

17.00 h.

III Open San Froilán de fútbolín
Pool Bar Tiempos Modernos

V Open de dardos San Froilán
Pool Bar Tiempos Modernos

1 ao 5 OUTUBRO

10.00 h.

XIII Trofeo San Froilán de Padel
Hotel Santiago

4, 8 e 11 OUTUBRO

11.00 h.

**V Torneo San Froilán
de veteranos e infantís**
Campo Municipal O Ceao

13 ao 19 OUTUBRO

16.00 h.

XII Open San Froilán de Tenis
Club Fluvial de Lugo

SAN FROILÁN 2014

ÍNDICE CONCERTOS

1. PRAZA DE SANTA MARÍA

- Batital**
sábado 4 / 13.15 h.
- Odaiko & B.M. Lugo**
domingo 5 / 13.15 h.
- Lucía Pérez**
domingo 5 / 21.30 h.
- Ara Malikian**
luns 6 / 20.00 h.
- Gallaecia Big Band**
martes 7 / 21.30 h.
- Marful**
mércores 8 / 21.00 h.
- IX San Froidance**
xoves 9 / 17.00 h.
- Dirty Honkers**
xoves 9 / 23.45 h.
- Last Way, Arrhythmia, Rockatansky Brothers, Oceans Garden, Barbarian Prophecies e Kalte Sonne**
venres 10 / 20.00 h.

Devandoira
sábado 11 / 12.30 h.

Funky Style Brass
sábado 11 / 00.00 h.

2. PRAZA MAIOR

Banda Filharmónica de Lugo
sábado 4 / 16.30 h.

Orquestras Galilea e Salsa Rosa
sábado 4 / 20.30 h.

París de Noia
domingo 5 / 23.00 h.

Orquestra Charleston Big Band
luns 6 / 22.30 h.

Banda Municipal de Lugo
martes 7 / 13.00 h.

Orquestra Venezia
martes 7 / 18.00 h.

El Combo Dominicano
mércores 8 / 22.30 h.

Orquestra Marbella
venres 10 / 23.00 h.

Gran Parada
sábado 11 / 20.00 h.

Banda Municipal de Lugo
domingo 12 / 12.30 h.

Orquestra Pontevedra
domingo 12 / 13.45 h.

Orquestras Pontevedra e Palladium
domingo 12 / 21.00 h.

3. PRAZA DE CAMPO CASTELO

Carta de Ajuste
sábado 4 / 00.00 h.

B. M. Xuvenil de Rábade e Begonte
venres 10 / 17.30 h

4. PRAZA HORTA DO SEMINARIO

Les Tambours du Bronx
sábado 4 / 21.30 h.

Kase.O & Jazz Magnetism
domingo 5 / 21.00 h.

Orquestra Buena Vista Social Club
venres 10 / 21.30 h.

Efecto Pasillo
sábado 11 / 20.30 h.

Susana Seivane
domingo 12 / 21.00 h.

5. PATIO DO SEMINARIO

Sés
sábado 4 / 23.00 h.

Cats & Monkeys
domingo 5 / 23.15 h.

Alondra Bentley
lunes 6 / 18.00 h.

Foolmakers
luns 6 / 22.30 h.

Guerrera
martes 7 / 22.00 h.

Mythical Fail, Galiryon e Aro
mércores 8 / 20.00 h.

The pie Lands
venres 10 / 23.30 h.

Murajazz Big Band
domingo 12 / 22.30 h.

6. PRAZA DA SOIDADE

Fábrica de Sons
sábado 4 / 18.00h.

Carta de Ajuste
mércores 8 / 23.00 h.

7. AUGAS FÉRREAS

Orquestra Panorama
sábado 11 / 23.00 h.

8. CAPELA DE SAN FROILÁN (CATEDRAL)

Alexandre Savchuka (viola) e Natalia Bilenko (violín)
domingo 12 / 18.00 h.

9. PRAZA DA MILAGROSA

Ioana Pérez
domingo 12 / 18.30 h.

MUSEOS MUNICIPAIS

- CIM
- Casa dos Mosaicos
- Centro Arqueolóxico San Roque
- Domus do Mitreo
- MIHL
- Sala de exposicións Porta Miñá

1ª FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA GASTROARTE

DO 4 AO 12 DE OUTUBRO.
AVDA. RAMÓN FERREIRO

Horario da feira:

Os días **4, 5, 6, 11** e **12** de outubro de **11.00** a **00.00 h.**

O días **7, 8, 9** e **10** de outubro de **12.00** a **14.00** e de **17.00** a **23.00 h.**

O Excmo. Concello de Lugo, a través da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, organiza a I Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán GASTROARTE co obxecto de recuperar o ambiente da feira tradicional que foi a orixe das famosas festas de San Froilán.

GASTROARTE acolle postos de artesanía e gastronomía, nunha interesante mestura que presenta no San Froilán o bo facer de artesáns chegados de distintos puntos de Galicia e de máis aló, e o mellor da gastronomía para o goce dos padais máis exquisitos, pois só participan produtos de calidade diferenciada, recoñecidos como Indicación Xeográfica Protexida ou Denominación de Orixe Protexida, ou con certificacións de agricultura ou produción ecolóxica.

Esta feira conta con expositores montados en stands individuais situados na mediana da avenida Ramón Ferreiro, entre a confluencia coa rúa Salvador de Madariaga e a Xefatura Provincial de Tráfico, cara á avenida de Madrid.



1º CONCURSO DE POLBEIRAS E POLBEIROS

9 DE OUTUBRO.

MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

O concurso ten como obxectivo incentivar e premiar os coñecementos e habilidades das polbeiras e polbeiros profesionais do ámbito de Galicia en materia de elaboración e servizo do “Polbo á feira” e tamén como exaltación do polbo como alimento insignia do San Froilán.

Na competición por cociñar o mellor polbo do San Froilán participan un máximo de 6 profesionais. O xurado analizará o sabor, a textura e punto de cocción, o adobo e o corte e a presentación final do polbo.

Outorgaranse **dous premios**:

Primeiro premio: En metálico, dotado con **600 euros**.

Segundo premio: aloxamento dunha **noite para dúas persoas + almorzo + circuíto termal** no BALNEARIO DE LUGO.

A todas as persoas participantes entregaráselles un lote de produtos de ACEITES ABRIL e diploma acreditativo.

Como anticipo do concurso, ás **17.00 h.** o Mago Teto presenta o espectáculo **Maxia Verde**, no Mercado Municipal.

Despois, ás **19.00 h.** haberá un SHOWCOOKING, organizado por Héctor López (Restaurante España) e Álvaro Villasante (Restaurante Paprica) no que cociñeiros do Grupo Nove farán demostracións doutras formas de elaboración deste cefalópodo.

O concurso de polbeiras e polbeiros terá lugar no Mercado Municipal de Abastos a partir das **20.00 h.**


A cerimonia e entrega de premios levarase a cabo no momento no que o xurado faga público o seu veredicto.



RIBEIRA SACRA



Lugo



**1º CONCURSO
DE POLBEIRAS
E POLBEIROS**

Día 9 de outubro
Mercado Municipal de Abastos

OUTRAS ACTIVIDADES

FESTIBLAS

O 3 e o 4 de outubro

No **Clavicémbalo**

(Rúa Paxariños, 23)

Horario: ás 23.00 h.

Venres, día 3:

PL GIRLS + PUMA PUMUKU.

Entradas: 9 € anticipada

e 12 € en taquilla

Sábado, día 4:

DEMONHIGH + NOVEDADES
CARMINHA

Entradas: 12 € anticipada

e 15 € en taquilla

Bono 2 días: 20 € anticipado

e 24 € en taquilla

Venta anticipada: librería Tótem,

Jazz & Beer, Clavicémbalo e

www.ticketea.com

NÓS TAMÉN PINTAMOS ALGO

O 10 de outubro

No **Parque da Milagrosa**

Inauguración dunha obra
reivindicativa con ocasión do

Día Mundial da Saúde Mental,

polo colectivo Alume, co título

“NÓS TAMÉN PINTAMOS

ALGO” coa colaboración

de **Quique Bordell**

Horario: ás 18.30 h.



ARTE SAN FROILÁN

Do 4 ao 12 de outubro

Na **praza Anxo Fernández Gómez**

(detrás do Concello)

Horario: de 11.00 a 14.00 h.

e de 17.00 h. a 21.30 h.

FEIRA DO DOCE ARTESÁN DE CONVENTO

Do 8 ao 12 de outubro

Na **Rúa Armanyá, 7 - baixo**

(fronte á Subdelegación do Goberno)

Horario: de 11.00 a 14.00

e de 16.00 a 20.00 h.

Organiza: Martínez

Artigos Relixiosos

EXPOSICIÓN TECIDO NO TEMPO

Ata o 15 de outubro

No **MIHL**

Horario:

Martes a sábados: 11.00 a 13.30 h.

e 17.00 a 19.30 h.

Domingos: 17.00 a 20.00 h.

I CONCURSO HÍPICO DE SALTO DE OBSTÁCULOS SAN FROILÁN 2014

Do 10 ao 12 de outubro

No **Pazo de Feiras**

e **Congresos de Lugo**

Inicio da competición ás 10.00 h.

Máis información na web da Real

Federación Hípica Española

www.rfhe.com desde unha

semana antes do concurso.

EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

Ata o 12 de outubro

No **MIHL**

Horario:

Martes a sábados: 11.00 a 13.30 h.

e 17.00 a 19.30 h.

Domingos: 17.00 a 20.00 h.


FEIRA DO MEL

O día 27 de setembro

Praza da Soidade

Horario:

Toda a mañá.



EXPOLUGO

4-5 DE OUTUBRO.
PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS

X MOSTRA GANDEIRA, MERCADO ALIMENTARIO DE RAZAS AUTÓCTONAS E MOSTRA DE ARTESANÍA

O 4 e o 5 de outubro celébrase a novena edición desta mostra organizada pola Fundación Feiras e Exposicións de Lugo. Trátase da máis completa exposición gandeira de Galicia, xa que nela participan as principais razas autóctonas galegas e outras nacionais, coa presenza das súas asociacións xestoras e de animais in vivo.

A mostra conta con stands de empresas relacionadas co sector rural e gandeiro que presentan as últimas innovacións e servizos.

É un dos salóns máis relevantes do segmento gandeiro do noroeste peninsular, superando na edición anterior os 16.000 visitantes.

IV DOG SHOW LUGO 2014

Organizada pola Sociedade Cinecolóxica Galega, Expogal, vai contar coas seguintes actividades que se desenvolverán no Pavillón 2 do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo:

Sábado día 4 tarde:

- Exhibicións de educación canina
- Exhibicións de terapias: exercicios de TAA e de asistencia cunha persoa con discapacidade
- IV Monográfico de Bulldog Americano: un evento reservado para todos os cans con pedigree de Raza Bulldog Americano

Domingo día 5:

- IV Exposición Nacional Canina

OUTRAS ACTIVIDADES

- Presentacións de produtos e novidades
- Charlas técnicas
- Celebración de asembleas e xuntanzas de socios
- Poxa de gando vacún selecto de Raza Rubia Galega
- Poxa do Porco Celta



The poster for Expolugo 2014 features a yellow and blue color scheme. At the top right, a blue triangle contains the text 'Entrada Gratuita'. The main title 'expolugo' is in a large, bold, blue font, with 'mostra agrogandeira' in a smaller font below it. The dates '4-5 outubro 2014' are prominently displayed in a large, bold, blue font. Below the dates, the text 'PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO' is written in a smaller, blue font. The central part of the poster is divided into two main sections. The top section is yellow and contains a collage of images showing various activities from the event, such as dog shows, markets, and seminars. To the right of the collage, a list of activities is provided: '- Monográfico e subasta (Sáb. 4) Rubia Galega', '- Subasta de Porco Celta (Dom.5)', '- Charlas técnicas', '- Vídeos sobre razas autóctonas galegas', and '- IV Exposición Nacional Canina'. The bottom section is blue and contains the text 'VISITE TAMÉN NESTA EDICIÓN...' followed by a list of activities: '- Mercado Alimentario de Razas Autóctonas', '- Mostra de Artesanía', and '- IV Dog Show San Froilán 2014'. At the bottom of the poster, there are logos for the organizing institutions: the Council of Lugo, the Deputation of Lugo, the Spanish Sheep Centre, the USC (Sociedade Cinecolóxica Galega), and the Fundación Feiras e Exposicións de Lugo.

LUGO É MOITO MUNDO

COÑECER LUGO NO SAN FROILÁN

As multitudinarias festas do San Froilán son as máis fermosas do outono galego, dixo Álvaro Cunqueiro no seu tempo. E non esaxeraba: en realidade, hoxe pódese dicir que son as máis fermosas de todas as estacións en Galicia.

O cinco de outubro San Froilán, o amigo dos lobos, é o pretexto para uns festexos nos que Lugo, sempre cidade aberta, é máis aberta ca nunca. Milleiros e milleiros de persoas acoden á vella cidade, non só dos arredores, non só de toda Galicia, senón de fóra dela, e moi especialmente de Asturias e León. O Domingo das Mozas, o seguinte ao día do Patrón, é un verdadeiro río de xente, que sempre parece que non cabe e sempre acaba cabendo.

E ademais as festas do San Froilán son unha das mellores ocasións para coñecer o Lugo monumental, concentrado no centro histórico, que do 4 ao 12 de outubro, vestido de festa, adquire un esplendor especial, tinguido coa luz e coas cores do outono.

Unha visita á Oficina Municipal de Turismo e Centro de Interpretación da Muralla pode axudarnos a tirar máis proveito da nosa estada. Ademais, a oficina e o centro están situadas nunha nobre casa da Praza do Campo, un dos lugares máis fermosos da cidade vella e centro neuráxico do Lugo gastronómico.

Imprescindible é o paseo polo adarve da muralla romana, Patrimonio da Humanidade, monumento único no mundo, pois é a única que en todo o territorio do Imperio conserva íntegro o seu perímetro. Un paseo de algo máis de dous quilómetros permite ver o centro histórico desde arriba e mesmo fantasiar con outros tempos, dicindo case coma Napoleón: “Viaxeiro, tes dous milenios aos teus pés”.

Outro dos gozos de Lugo é a visita á catedral, un gran templo construído no tempo do románico e esencialmente románico e gótico, pero con partes renacentistas e barrocas de gran beleza e harmonía, entre as cales destaca a capela



da Virxe dos Ollos Grandes, obra mestra do arquitecto compostelán Fernando de Casas Nóvoa, ou o altar maior coas bóvedas decoradas por impresionantes pinturas.

Non se debe perder tampouco a ocasión de visitar dúas xoias do gótico mendicante galego: a igrexa de San Domingos, do antigo convento dominicano, e a de San Pedro, do convento franciscano –esta aproveitando que hogano celebramos o oitavo centenario da peregrinación a Compostela de san Francisco, que segundo é tradición pasou por Lugo e fundou el mesmo o primeiro convento lucense. E feliz casualidade: o día de san Francisco é precisamente o 4 de outubro, véspera de San Froilán.

A Praza Maior, rodeada de notables edificios de diversas épocas, ten na cabeceira a Casa do Concello, obra do arquitecto Lucas Ferro Caaveiro considerada unha das máis belas obras do barroco civil galego.

Pero á parte dos monumentos singulares, o Lugo histórico é un gozo de prazas e rúas que cómpre percorrer de vagar, tendo en conta ademais –pero sen deixarse levar máis alá do que indica a prudencia– a densa presenza de tabernas, bares e restaurantes onde o bo viño e a boa gastronomía son lei. A Praza do Campo e a rúa do Miño que articulan o barrio medieval ou Burgo Vello. A longa e antiga Rúa Nova. A rúa de San Pedro e o Campo Castelo que coinciden

co chamado Burgo Novo –tamén de orixe medieval–. A praza de Santa María, coa catedral e o pazo episcopal e coa súa piscina romana musealizada ao aire libre. E logo as partes máis modernas que se desenvolveron no século XIX: as rúas da Raíña e do Progreso, a praza de Santo Domingo, a rúa de San Marcos que agora é máis ben unha praza...

Aínda pode quedar un pouco de tempo para os museos. Por unha banda o Museo Provincial, tan variado, que inclúe o claustro románico e o refectorio e a cociña barrocas do vello convento dos franciscanos. A Domus do Mitreo, co seu singular templo de Mitra espectacularmente musealizado. A Casa dos Mosaicos ou Domus Oceani, o que queda dunha rica mansión romana, con instalación audiovisual. O Centro Arqueolóxico de San Roque, con restos dunha necrópole romana. A Sala Porta Miñá, con numerosos testemuños arqueolóxicos do Lugo romano. O Museo Interactivo da Historia de Lugo, impresionante edificio vangardista soterrado no Parque da Milagrosa. E baixando pola calzada romana da Vía XIX do Itinerario de

Antonino, ou indo a pé feito, podemos visitar os restos das grandes termas romanas de Lugo, no actual Hotel Balneario, e a Ponte Vella, de orixe romana, magnificamente restaurada hai un ano, sobre o río Miño, represado polos vellos caneiros, decorrendo maxestoso e solemne entre carballeiras e bosques de ribeira.

E ao outro lado da Ponte Vella, o Barrio da Ponte, formado ao redor do antigo lazareto fundado xa na Idade Media, que conserva un grande edificio barroco que lle engade carácter monumental á súa beleza fluvial. Por aquí decorría e segue decorrendo o Camiño Primitivo de peregrinación a Santiago de Compostela, anterior ao Camiño Francés. O Barrio da Ponte, extraurbano pero fortemente vinculado á cidade, ben merece un paseo, porque Lugo é moito mundo e o Miño é moito río.

E non un só río. Ademais do Mera, o río dos muíños, á beira do cal hai unha ruta sinalada de sendeirismo, está o Rato ou Fervedeira, cun verdadeiro parque de varios quilómetros ás súas beiras, entre antigas carballeiras. Un magnífico paseo



**DOMUS
DO MITREO**



**PONTE
VELLA**



PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO



RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO



RÍO MERA



CASSETAS POLBO

para unha mañá de lecer e sosego, cando a festa do San Froilán está ao mellor a medio gas e nos apetece un descanso bucólico do boureo urbano.

Quizabes entre a festa e os paseos pola cidade e os seus arredores non nos cheguen os días que traemos para o San Froilán. Pero podemos volver, e volveremos. Ao San Froilán polas festas e pola gastronomía, fundamentada especialmente nun prato mítico, o polbo ao estilo da feira, que podemos disfrutar tanto nos restaurantes clásicos coma nas grandes “casetas”, que son en realidade enormes e cómodos restaurantes que se montan durante todo o mes de outubro nas costas do parque, por baixo do parque Rosalía de Castro,

outra das grandes beleza de Lugo. Polbo á feira e carne ao caldeiro son a comida tradicional dos sanfroilaneiros, pero hai moito máis, porque xa o di un vello lema: Para comer, Lugo.

HORARIOS MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O SAN FROILÁN

Para máis información consultar
na Oficina Municipal de Turismo (CIM),
praza do Campo, 11. Telf.: 982 251 658.
lugoturismo@concellodelugo.org



Praza do Campo, 11

OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA (CIM)

Luns, martes e mércores:

11.00 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.30 h.

De xoves a sábado:

11.00 a 19.30 h.

Domingo:

11.00 a 18.00 h.



Rúa Doutor Castro, 20-22

CASA DOS MOSAICOS

De martes a sábado:

11.00 a 13.30 h.
e de 16.00 h. a 19.30 h.

Domingo:

11.00 a 14.00 h.

**Horario especial de apertura
o 6 de outubro (festivo local):**

11.00 a 13.30 h.
e de 16.00 a 19.30 h.



Rúa Emilia Pardo Bazán, s/n
(Xardíns de San Roque)

CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE

De xoves a sábado:

11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.

Domingo:

11.30 a 13.30 h.

**Horario especial de apertura
o 6 de outubro (festivo local):**

11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.



Praza Pío XII, 3
(Vicerreitorado USC)

DOMUS DO MITREO

De xoves a sábado:

11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.

Domingo:

11.30 a 13.30 h.

**Horario especial de apertura
o 6 de outubro (festivo local):**

11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.



Parque da Milagrosa

MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL)

Luns pechado

De martes a sábado:

11.00 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.30 h.

Domingo:

17.00 a 20.00 h.



Rúa do Carme, s/n

SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ-LUGO ROMANO

De xoves a sábado:

11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.

Domingo:

11.30 a 13.30 h.

**Horario especial de apertura
o 6 de outubro (festivo local):**

11.30 a 13.30 h.
e de 17.00 a 19.00 h.

Teléfonos das casetas do polbo para reservas 2014:

Caseta de TORRE DE NÚÑEZ
Tel. 982 220 143

Caseta da PALLOZA
Tel. 609 201 481

Caseta de AURORA
Tel. 982 252 068

Caseta de MANOLO DE MARCE
Tel. 686 609 294

Prezos públicos dos produtos básicos nas casetas do polbo:

Ración de polbo (200 gr.): 7,25 €

Ración de cachelos (200 gr.): 1,05 €

Ración de pan (200 gr.): 1,05 €

Botella de viño do país (3/4 l.): 4,15 €

Descarga a App Turismo de Lugo:

Android

IOS



Tel. 982 297 350
para chamadas
desde fóra de Lugo

Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais, na web oficial do San Froilán:

www.sanfroilan.info

e nas redes sociais oficias:  [fb.com/sanfroilan.info](https://www.facebook.com/sanfroilan.info)  [@sanfroilan14](https://twitter.com/sanfroilan14)

ALSA

25 % DE DESCONTO PARA VIAXAR A LUGO DO 2 AO 14 DE OUTUBRO.

Oferta vixente do 16 de setembro ao 14 de outubro de 2014

Código de compra: SFR14

+ info: www.alsa.es

Teléfonos de interese:

OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO
Praza do Campo, 11
27001 Lugo
Tel. 982 251 658
lugoturismo@concellodelugo.org

CONCELLO DE LUGO
Praza Maior, 1
27001 Lugo
Centraliña: 982 297 100
Tel. do cidadán: 010
(982 297 350 de fóra de Lugo)
010@concellodelugo.org
www.lugo.es

OFICINA MUNICIPAL
DE ATENCIÓN AO CONSUMIDOR
Ronda da Muralla, 197
27002 Lugo
Tel. 982 297 272

ESTACIÓN DE AUTOBUSES
Praza da Constitución, s/n
27002 Lugo
Tel. 982 223 985

ESTACIÓN DE FERROCARRIL
Praza do Conde Fontao, s/n
27003 Lugo
Tel. 902 240 202
www.renfe.es

RADIO-TAXI LUGO
Tel. 982 213 377

POLICÍA LOCAL
Rúa das Artes, 33-35
27002 Lugo
Tel. 092
982 297 110

* Puntos de atención ao cidadán na praza de Avilés e na avd. Ramón Ferreiro

PROTECCIÓN CIVIL
Rúa das Artes, 33-35
Edificio da Policía Municipal
27002 Lugo
Tel. 982 297 285

* Punto de atención ao cidadán na praza de Avilés

POLICÍA NACIONAL
Rúa Chantada, s/n
27004 Lugo
Tel. 091
982 265 118

PARQUE DE BOMBEIROS
Avda. da Coruña, 240
Antigo Cuartel de Garabolos
27003 Lugo
Tel. 982 210 321

CRUZ VERMELLA
Avenida de Madrid, s/n
27002 Lugo
Tel. 982 231 613

GARDA CIVIL DE TRÁFICO: 062
URXENCIAS MÉDICAS: 061
EMERXENCIAS: 112

Recomendacións para a seguridade do público nas festas de San Froilán 2014:

- Nas atraccións mecánicas, siga as instrucións dos responsables e utilice correctamente os elementos de seguridade.
- Os menores deben ir da man, para evitar extravíos, e as persoas dependentes acompañadas en todo momento polos seus familiares e coidadores.
- Nos concertos hai que evitar subirse a marquesiñas, peches, estadas e mobiliario urbano co fin de evitar caídas ou lesións por cortes.
- Facer correcto uso dos servizos urinarios públicos ou privados. Teñen á súa disposición unha caseta para o cambio de cueiros dos seus bebés, na praza de Avilés.
- Nas sesións de fogos artificiais, respecte as distancias de seguridade e siga as instrucións do persoal de vixilancia (policía local, bombeiros, protección civil).



Concello de Lugo



Patrocinadores:

